



XORNADAS: AMPLIACIÓN DE PRAZAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN

1. XORNADA: “O NOVO BAREMO DE TRÁFICO, PROCEDEMENTO E SISTEMA INDEMNIZATORIO” (AMPLIACIÓN DE PRAZAS E LUGAR)

Debido ao elevado número de solicitudes de inscrición recibidas, auméntase o número de prazas desta xornada a 300, que por razóns de capacidade será impartida no salón de actos da facultade de dereito (antiga aula 1).

Día: 24 de novembro de 2016

Horario: de 18.00 a 21.00 h

Lugar: salón de actos da facultade de dereito (antiga aula 1)

Prazas: 300, por orde de matrícula

Inscrición: ata o 23 de novembro ás 14.00 h, na secretaría do ICA de Santiago

Matrícula: gratuíta para colexiados do ICA de Santiago, con inscrición previa por escrito
50 € para profesionais do dereito e outras persoas interesadas

Relator: Juan María Pena Lasso (avogado e asesor de diversas aseguradoras)

Programa:

1. Procedemento de oferta motivada e informes MLCF:

Introdución: A despenalización das faltas

Descrición

Problemas de dereito transitorio

2. Sistema indemnizatorio:

Regras xerais

Estrutura

Aplicación retroactiva

Casos prácticos:

1. Falecemento

2. Lesións permanentes

3. Compatibilidade de indemnizacións

De xeito especial, abordárase o relacionado coas lesións cervicais.

2. CURSO DE ACTUALIZACIÓN SOBRE FISCALIDADE E TRIBUTACIÓN

Informámosvos do lugar de realización deste curso, que finalmente será impartido no salón de graos da facultade de dereito.

Días: 3 e 17 de novembro; 1 e 15 de decembro de 2016

Horario: de 19.00 a 21.30 h

Lugar: salón de graos da facultade de dereito

Inscrición: ata o 28 de outubro, na secretaría do ICA de Santiago

Matrícula: gratuíta para colexiados do ICA de Santiago, con inscrición previa por escrito
50 € para profesionais do dereito e outras persoas interesadas

Relatores: Antonio López Díaz (catedrático de Dereito Financeiro e Tributario pola USC) e María Jesús Matovelle Gómez (avogada do ICA de Santiago e asesora fiscal)

Programa:



1. Fiscalidade de operacións inmobiliarias (compravenda, arrendamento, condominio). Valoración de bens
2. Matrimonio e crises matrimoniais
3. Herdanzas, pactos sucesorios e outros negocios alternativos: aspectos fiscais
4. As oportunidades da empresa familiar: concepto e beneficios fiscais
5. Tributación de sociedades civís (sociedades profesionais) e comunidades de bens
6. Procedementos tributarios (cuestións actuais): caducidade, prescrición, tiro único, xuros de mora, retroacción etc.

3. SEMINARIO: TÉCNICAS DE ESCRITURA E COMPOSICIÓN DE DOCUMENTOS XURÍDICOS

O Servizo de Asesoramento Lingüístico do Colexio de Avogados organiza este seminario co obxectivo de potenciar a calidade da redacción xurídica dos escritos da avogacía. A metodoloxía será práctica e contará con talleres de análise e tratamento de textos reais para a súa adecuación ás pautas estilísticas actuais.

Días: 8, 10, 15 e 17 de novembro (martes e xoves)

Horario: de 19.30 a 22.00 h

Lugar: aula de formación do ICA de Santiago

Prazas: 20

Duración: 10 horas

Inscripción: ata o 7 de novembro ás 14.00 h, na secretaría do ICA de Santiago ou no correo linguista@icasantiago.org

Matrícula: gratuíta para colexiados do ICA de Santiago; 50 € para profesionais do dereito e outras persoas interesadas

Imparte: Martín Ramos Insua, lingüista do ICA de Santiago

Certificación: si, expedida polo ICA de Santiago e pola Xunta de Galicia (asistencia mínima 75 %)

Programa:

1. Características da redacción xurídica tradicional / moderna
2. Convencións e pautas estilísticas para a produción de textos xurídicos
3. A composición do documento: parámetros e formato no procesador de textos
4. Referencias e modelos tipolóxicos para a elaboración de escritos.

4. RECORDATORIO DE XORNADA: “O COMPLIANCE OFFICER”

Día: mércores, 26 de outubro

Lugar: salón de actos do ICA de Santiago

Horario: de 19.30 a 21.30 h

Matrícula: gratuíta para colexiados do ICA Santiago, **sen inscrición**
50 € para demais persoas interesadas

Relator: Antonio Alarcón Garrido, avogado e graduado social; socio fundador do despacho de avogados Alarcón y Asociados